

ASIGNACIÓN DA ASIGNATURA DE INFORMÁTICA AO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

I. Aspecto curricular:

1. Na introducción do currículo da asignatura de informática en todo momento refírese a ela como “Tecnoloxía da información e da comunicación” quedando patente que é unha tecnoloxía máis e non un área completamente illada do mundo tecnolóxico.
2. No terceiro parágrafo da introducción di literalmente “en los tres primeros cursos de un tronco común de contenidos específicos dentro de la materia de tecnologías”.
3. No quinto parágrafo da introducción do currículo de informática fala da necesidade dunha maior profundización nos aspectos técnicos da informática sendo estes impartidos na area de tecnoloxía.
4. En canto a contribución desta asignatura ao desenvolvemento das competencias básicas é moi paralela as sinaladas no currículo de Tecnoloxía, incidindo novamente en que a Informática é unha Tecnoloxía máis.
5. Dentro do currículo da asignatura de Tecnoloxía existen catro dos dez obxectivos (4, 6, 7, 8) directamente relacionados co ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
6. Relación dos contidos da asignatura Informática cos contidos xa desenvolvidos en Tecnoloxía (1º, 2º, e 3º ESO):
 1. Bloque 1 “Sistemas operativos e seguridade informática” fai indicencia nos seus catro puntos cos contidos tratados nos bloques II e VIII do currículo de Tecnoloxía “Hardware e sistemas operativos” e “Tecnoloxías da comunicación. Internet”
 2. Bloque 2 “Multimedia”: tratados nos bloques I, II, IV e VIII do currículo de Tecnoloxía “Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos”, “Hardware e sistemas operativos”, “Técnicas de expresión e comunicación” e “Tecnoloxías da comunicación. Internet”.
 3. Bloque 3 “Publicación e difusión de contidos” tratados nos bloques I, IV, VIII.
 4. Bloque 4 “Internet e redes sociais” tratados nos bloques I, II, IV, VIII e X (“Tecnoloxía e sociedade”).
7. En relación ao currículo de Tecnoloxía en 4º ESO, todos os bloques da asignatura de Informática inclúen contidos que deberán ser tratados paralelamente ao longo do curso, o que implica unha necesidade de coordinación entre as áreas que se vería facilitada incorporando a asignatura de informática no departamento de Tecnoloxía.

II. Relativo ao profesorado:

1. As titulacións requiridas para a docencia da asignatura de Tecnoloxía é necesariamente técnica completamente afin aos contidos da Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
2. Considerando a posibilidade de redución da carga horaria reflectida no borrador de mínimos publicado polo MEC asignada ao departamento de Tecnoloxía, evitaríase o problema dunha nova e traumática recolocación da plantilla se se inclúe a asignatura de informática no departamento.
3. Na actualidade moitos profesores de Tecnoloxía estánse a encargar das labores de mantemento da aula de informática por mor de ter contidos das Tecnoloxías da Información e Comunicación no seu currículo.
4. A maior parte das iniciativas levadas a cabo para a implantación das novas Tecnoloxías nos centros son propostas e desenvolvidas polo profesorado de Tecnoloxía.

III. No marco da lexislación vixente facer constar que a optativa de Inicación a Tecnoloxía informática está asignada ao departamento de Tecnoloxía.

IV. Relativa a organización dos centros:

1. Non sería necesaria a creación dunha nova especialidade nos Centros de Educación Secundaria ao asumir Informática como unha asignatura dependente do departamento de Tecnoloxía.